

RECUPERACIÓN DE FRANCÉS PENDENTE

O alumnado coa materia de lingua francesa pendente deberá facer dous exames ó longo do curso, en xaneiro e en abril, e un último exame final no mes de maio no caso de non superar os dous anteriores. Ademais, proporcionaráselle un libro de texto para poder estudar e deberá entregar semestralmente unha serie de actividades gramaticais e de léxico de repaso correspondentes á materia suspensa.

Tamén poderá ler de xeito complementario libros de lectura adaptada, no caso de que así o desexe, para mellorar a súa competencia en lingua francesa.

As actividades escritas de repaso representarán o 40% da nota final.

A materia quedará aprobada no caso de que o alumno supere a primeira ou a segunda avaliación de lingua francesa do curso seguinte.

A xefa de Departamento estará nas horas de lecer a disposición do alumnado que desexe aclarar calquera dúbida.

En resumo, será necesario entregar as actividades de repaso puntualmente e aprobar os dous exames ou ben o exame final de toda a materia.

O alumnado de PMAR recupera a materia pendente facendo un traballo.

Datas dos exames:

Exame do primeiro parcial: Luns 6 de febrero de 2023 ás 9 h 20 na Biblioteca

Exame do segundo parcial: Luns 17 de abril de 2023 ás 9 h 20 na Biblioteca

Exame final do mes de maio de 2023 : Data proporcionada pola dirección do IES.